

Carta aberta ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Sanidade e a Conselleira de Política Social:

30/03/2020.

Dirixímoslles esta carta aberta, desde a **Alianza Galega polos Servizos Públicos para Maiores e Dependentes**¹. Nesta situación de andazo de coronavirus, en relación coa cada vez máis dramática situación das persoas usuarias das residencias de maiores e dependentes, queremos pedirilles que apliquen as seguintes medidas:

1. A Consellería de Sanidade ten que pasar a exercer xa o liderado real de todas as decisións relacionadas co coronavirus en todas as residencias. A Consellería de Sanidade debe poñer en marcha un **Plan Especial fronte á infección por COVID-19 nas residencias galegas de maiores e dependentes**.
2. A administración ten que ter sentido común, e **renunciar dunha vez á creación duns hipotéticos “Centros Intermedios” ou “Residencias Integradas”**, nas que atender as persoas usuarias que resulten positivas aos tests para identificación de coronavirus e que non requiren hospitalización. A proposta inicial era facelo en 2 residencias: na de Baños de Molgas (93 prazas), e na da Porta do Camiño en Santiago (84 prazas).
 - **A proposta contaba co apoio explícito do sector máis importante da patronal das residencias privadas, agrupados en AESTE-CEOE** pois, se ía adiante, conseguían desfacerse das súas responsabilidades e trasladarlle o problema á sanidade pública (incluídos probabelmente tamén os custes asociados). A proposta tamén contaba co apoio de **algúns profesionais sanitarios** que traballan nas residencias, e que estaba asustados diante dun problema que, sen apoio externo, é difícil abordar de nas condicións de enorme precariedade de recursos, humanos e tamén materiais, existente nas residencias desde moito antes da actual crise do coronavirus.
 - Mais a proposta era pouco realista na estimación da magnitude do problema, como se demostra no feito de que 2 días despois de que se fixera pública, xa hai máis usuarios (211) de residencias positivas ao coronavirus que prazas previstas para esa función (93+84=177). E todos os datos apuntan a que vai haber un incremento de casos nas residencias nos próximos días.
 - A proposta de creación desas novas “Residencias Integradas” ignoraba tamén o feito evidente de que non é doado improvisar os recursos humanos e materiais precisos para atender ás persoas usuarias das residencias positivas ao coronavirus e que non precisaban hospitalización, máxime se o seu número era de certa importancia como era previsíbel visto o sucedido en Madrid e noutras CC.AA.

¹ A **Alianza Galega polos Servizos Públicos para Maiores e Dependentes (ASSP)** constituíuse para defender uns servizos sociais (residencias, servizos de atención no fogar, servizos de día, ...) de calidade, diversificados, en número suficiente, de proximidade e ao alcance de todos, e plenamente públicos, dirixidos aos maiores e os dependentes. A “Alianza” está constituída, inicialmente polos seguintes colectivos sociais: a Federación de Usuarios e Familiares das Residencias (REDE), as Traballadoras das Residencias de Galicia (TREGA), e o Movemento en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos (MODEPEN), tres colectivos sociais que, respectivamente, tentamos defender, e en certa medida representar, os intereses dos usuarios das residencias e dos seus familiares, das persoas que traballan nesas residencias, así como os das persoas pensionistas maiores, que na súa grande maioría teñen 65 ou máis anos e/ou son dependentes.



3. Na nosa opinión, e levamos días reclamándoo, é **nas propias residencias** onde deben **ser atendidos todos os usuarios infectados polo COVID-19 que non precisen hospitalización**, así como os seus contactos próximos que tamén estean ingresados.
- As persoas usuarias das residencias, xa en condicións “normais” alén do coronavirus, teñen unhas **demandas importantes de cuidados tanto directamente sanitarios como relacionados coas actividades da vida diaria**. Para prestar eses cuidados precísanse recursos materiais e sobre todo humanos que non é doado de improvisar. As e os usuarios son persoas que con frecuencia teñen multipatoloxías e, para atendelos, as residencias contan con recursos de equipamento e de persoal sanitario con experiencia (médico, de enfermería, ...) que, malia que moitas veces son claramente insuficientes, sería irresponsábel non utilizar na actual crise do coronavirus. Por outra banda, a maioría dos usuarios das residencias teñen tamén demandas moi importantes de cuidados relacionados coas actividades da vida diaria básica e instrumentais (hixiene persoal, mobilizacións, cambios posturais, ...) e, para atendelas, hai tamén nas residencias un equipamento (guindastres de mobilización, ...) e un persoal asistencial de cuidados directos (xerocultoras, ...), que malia a súa actual situación de precariedade son absolutamente necesarios para afrontar a crise do coronavirus.
 - As residencias son **centros socio-sanitarios**, moi caros por certo. É totalmente inadmisíbel que agora pretendan reivindicar que son só “centros sociais”, nos que non é posíbel atender a pacientes que teñen unha infección por coronavirus que non precisan hospitalización.
4. A Consellería de Sanidade debe poñer, XA, a disposición do persoal das residencias o **material de protección** (máscaras de protección, produtos de base alcohólica para hixiene de mans, luvas, gafas, batas, ...) que son imprescindíbeis para poder atender ás persoas usuarias cun mínimo de seguridade de que se minimiza a posibilidade de resultar infectado polo coronavirus. A administración, ademais, debe garantir que os traballadores que os van usar teñan a **formación** adecuada para facelo correctamente.
5. A Consellería de Sanidade debe considerar prioritario a realización de **test diagnósticos de coronavirus** ao persoal asistencial das residencias que presente un cadro clínico de infección respiratoria de calquera gravidade. Ademais, tamén se debe considerar prioritario, a realización dos tests a todas as usuarias e usuarios das residencias nas que se identifiquen casos de coronavirus. A Consellería de Sanidade debe tomar as medidas precisas para que se eses tests realmente se fagan.
6. A Consellería de Sanidade debe comprobar que en todas as residencias existen as **zonas de illamento** para as persoas usuarias que estean infectadas por COVID-19 que, de acordo co establecido na Orde SND/265/2020 do Ministerio de Sanidade deben estar establecidas desde o día 22 de marzo. Ademais a Consellería de Sanidade debe exixir, ás Direccións das Residencias, que teñan perfectamente clasificados a todos os usuarios e usuarias da residencia nos 4 grupos establecidos nesa mesma Orde:
- a. Residentes sen síntomas e sen contacto estreito cun caso posíbel ou confirmado de COVID-19.
 - b. Residentes sen síntomas, en illamento preventivo por contacto estreito cun caso posíbel ou confirmado de COVID-19.
 - c. Residentes con síntomas compatíbeis co COVID-19.
 - d. Casos confirmados de COVID-19.
7. A Consellería de Sanidade debe **garantir que a calidade da atención sanitaria** que reciben os usuarios das residencias sexa a adecuada. A Consellería debe preparar con urxencia, equipos de persoal sanitario, sobre todo médicos e enfermeiras, que se poidan trasladar con urxencia ás residencias que o precisen, no caso moi

probábel de que se precisen reforzar os moi precarios equipos sanitarios que na actualidade existen nas residencias. Os custes orixinados deberán, no seu momento, ser reclamados ás residencias atendidas.

8. A Consellería de Sanidade debe garantir que **a calidade da atención non estritamente sanitaria** aos usuarios das residencias sexa a correcta. A Consellería debe comprobar que as residencias cumpran DE VERDADE cos ratios de persoal legalmente establecidos en todas as quendas de traballo, e que até agora non se cumprían para aforrar cartos. Ademais, a Consellería debe obrigar ás Direccións das Residencias a que contraten a maiores aos traballadores que sexan precisos para que se poda atender con calidade aos residentes nesta situación de andazo de Coronavirus usando con ese obxectivo se é preciso os listados de contratación do SERGAS.

Federación de Usuarios e Familiares das Residencias (REDE)	Traballadoras das Residencias de Galicia (TREGA)	Movemento Galego para a Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN)
Xosé BERNANDEZ SOLLA (REDE). 619955224	Sonia JALDA CORES. 610327938	Francisco L. VÁZQUEZ VIZOSO 616493971
Paulino CAMPOS	Isabel BARREIRO TABOADA	Gonzalo BALO MOSQUERA

